

## SEMINARIO

### “Nova normativa interna e servizos de apoio para investigadores da UDC no programa H2020”

23 de novembro 2017

Salón de actos do edificio CICA, Campus Elviña, Coruña

### INTRODUCCIÓN

Como parte do labor de fomento e apoio no acceso ao financiamento procedente de convocatorias europeas, a Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI) da UDC organiza un seminario para revisar os servizos de apoio dispoñibles na UDC para fomentar a participación dos seus investigadores en proxectos europeos, nomeadamente no Programa Cadro da Unión Europea (H2020), así como algunhas das oportunidades que ofrecen as vindeiras convocatorias deste programa, nomeadamente no eido da Ciencia Excelente.

A xornada inclúe a presentación dos diversos servizos de apoio prestados pola OTRI aos investigadores interesados en convocatorias europeas, con especial atención aos programas específicos dispoñibles para a área de Ciencia Excelente e os programas de apoio cos que conta a UDC neste eido. Habrá tamén unha descrición detallada sobre as recentes novidades na normativa interna da UDC aplicable á solicitude e xestión de proxectos europeos.

### PROGRAMA

**10.00h – 10.15h.** Rexistro de participantes.

**10.15h – 10.30h.** Presentación da xornada.

Relator: Salvador Naya Fernández, Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia da UDC.

**10.30h – 11.00h.** Normativa UDC para solicitude e xestión de proxectos europeos.

Relator: José Mahía Saavedra, Director Científico-Técnico da OTRI – UDC.

**11.00h – 11.30h.** Iniciativas de apoio na OTRI á participación en proxectos europeos

Relator: Octavio Pernas Sueiras, Técnico da OTRI – UDC.



**11.30h – 12.00h.** Área de Ciencia Excelente: Oportunidades no H2020 e programas de apoio na UDC (berce e InTalent).

Relator: Octavio Pernas Sueiras, Técnico da OTRI – UDC.

**12.00h – 14.00h.** Reunións individuais técnicos OTRI - UDC (20 minutos de duración para cada unha) con investigadores interesados en participar e/ou promover unha proposta europea.

Solicítase **confirmación de asistencia** (indicando se desexan concertar unha reunión individual) por medio dun **correo electrónico** dirixido a [otri.aula@udc.es](mailto:otri.aula@udc.es), antes do martes 21 de novembro ás 14.00 horas. As horas de reunión dispoñibles serán asignadas en función da orde de chegada das inscricións.

Coa colaboración de:

